

Comunicado nº 188/19
16 de agosto de 2019

❑ COMUNICADO SEGURIDADE.

Reunida a Comisión Médica e a Comisión de Seguridade, cos informes das probas celebradas ata o día de hoxe, e na base da observancia das Ambulancias U.V.I. Móbil (S.V.A.) e das Ambulancias de Transporte (S.V.B.) no que se veñen detectando anomalías como:

SVB

Carecen de todo tipo de soros, os que achegan están caducados, maioría do 2018.

Carece de sistema de soros, o que ten esta aberto e utilizado.

Múltiples produtos de cura antiséptica caducados na data 2017 e outros caducados sen data de caducidade identificable.

Glucómetro con tiras caducadas.

Pulsiómetro non funciona.

SVA

Monitor funciona en modo test, pero dá erro en proba pas.

DESA sen parches de reposto.

1 bolsa grande de material caducado, 2015, 2016, 2017, 2018, sendo a maioría destes caducados de 2017, quedando de 4 ampularios soamente 8 bochas para poder utilizar, máis de 40 caducados.

Tubo respiración solto e sobre media altura de padiola, polo que se lles insta a suxeitar para non molestar aos pacientes que se atendan; suxeitase provisionalmente ao teito.

Cóllense da SVB soros fisiolóxicos de 500 ML e Ringer Lactato de 500 ML.

Acórdase dar traslado a Xunta Directiva-Comisión Delegada, para que den traslado a Asemblea da "Federación Galega de Automobilismo", para reconducila tendencia e controlar minuciosamente as S.V.A. e S.V.B. que actúen nas probas dos diferentes Campionatos de Galicia de Automobilismo.

Asimesmo darase traslado á Consellería de Sanidade, da Xunta de Galicia, e o SERGAS (061) para que dén traslado a quen competa para que leven a cabo inspeccións obrigatorias de control das S.V.A. e S.V.B. de Galicia.

Para a tempada 2020, a Comisión Médica da "Federación Galega de Automobilismo" publicará un memorando de equipación mínima das S.V.A. e S.V.B., con revisión antes de cada proba das medicinas e equipacións das Ambulancias contratadas polas Escuderías para as probas dos diferentes Campionatos de Galicia de Automobilismo.

Noutro eido iniciase traballos para que a Comisión-Médica e a Comisión de Seguridade estudien para crear unha plica de contratación, a prezos taxados, para sacar a concurso público a contratación das Ambulancias para as probas por especialidade ou conxuntamente.